



Expediente: 6A3/2018/9

ACTA DA TERCEIRA REUNIÓN DO XURADO DO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A DEFINIÇÃO DE ESTRATEXIAS DE TRANSFORMACIÓN DO BORDO LITORAL DA CIDADE DA CORUÑA, DENDE O DIQUE DE ABRIGO ATÉ A PRAIA DE OZA

No Salón Dourado do Pazo Municipal de María Pita, ás 17:40 horas do día 11 de decembro do 2018, reúnense os membros do Xurado que se dirán, ao fin de continuar co desenvolvemento do concurso de ideas con intervención de xurado para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de Abrigo até a praia de Oza.

Presidente:

D. Xulio X. Ferreiro Baamonde, sr. Alcalde do Concello da Coruña

Vogais:

D^a. Pilar López-Riobóo Ansorena, Subdelegada do Goberno na Coruña

D. Enrique Peña González, representante do Reitorado da Universidade da Coruña

D. Juan Novoa Gómez, representante da Autoridade Portuaria da Coruña

D. Juan Carlos Barreiro González, Xefe Territorial da Consellería do Mar na Coruña, representante da Xunta de Galicia

D. Álvaro Mora Paulete, Xefe da Área de Orzamentos, en representación da Presidenta de Puertos del Estado.

D. Cristóbal Crespo González, representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

D. Roberto Costas Pérez, representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

D^a Lorena Solana Barjacoba, representante do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (CICCPGalicia)

D^a Carlota Pita Pita, representante do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia (CICCPGalicia)

D. Xiao Varela Gómez, Tenente de alcalde da Área de Rexeneración Urbana, Dereito á Vivenda e Mobilidade Sostible

D^a. Rosa María Gallego Neira, Representante do grupo municipal do Partido Popular

D. José Manuel Dapena Varela, Representante do grupo municipal do Partido Socialista Obrero Español

D^a. Avia Veira González, Representante do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

D^a. Isabel Aguirre de Urcola, Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega



D. Fernando Agrasar Quiroga, representante da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña

D. Manuel Casteleiro Maldonado, Representante da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña

D. Jorge Cao Abad, Director da Área de Espazo Público e Mobilidade

D. Fernando Santiago Martínez López, Xefe do Servizo de Infraestruturas

D. Alberto Vázquez Aguilar, Xefe do Servizo de Edificación

D. Óscar Luís Peña Sánchez, Xefe do Departamento de Planeamento

D^a. Beatriz Moar Ulloa, Xefa da Oficina técnica de Licenzas

D. Carlos Nardiz Ortiz, Profesional de recoñecido prestixio

Secretario

D. Miguel Iglesias Martínez, Oficial maior do Concello da Coruña.

O sr. Alcalde, como Presidente do xurado dá a benvinda a todos os presentes e agradece a súa asistencia.

O sr. presidente dá conta de que D. Xosé Lois Martínez Suárez, profesional de recoñecido prestixio, escusou a súa asistencia por motivos de axenda.

De conformidade coa base 9.2.1 das bases que rexen o concurso e co artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, á vista da presenza dos vogais do xurado sinalados, queda validamente constituído nesta sesión, ao estar presentes á maioría absoluta dos membros que compoñen o xurado.

1º.- Aprobación da acta da reunión anterior

En relación coa acta da reunión anterior do xurado celebrada o 30 de novembro de 2018 pola secretaría do xurado dáse conta de que segundo o artigo 18 da Lei40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, deuse traslado do borrador da acta aos membros do xurado por correo electrónico, sen que polo mesmo medio se amosará conformidade nin reparos ao texto a efectos da súa aprobación, polo que se non se manifesta oposición considerase aprobada a acta na reunión do 30 de novembro sen máis trámite.

2º.- Dar conta da presentación dun recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Taggal)



O secretario do xurado explica que durante as últimas datas téñense recibido varios correos electrónicos dos participantes insistindo en que se reconsideren as exclusións de propostas polo tamaño dos arquivos que sobrepasan o tamaño previsto nas bases.

Ao anterior se engade que no día de hoxe recibíuse unha comunicación do Tacgal de interposición dun recurso especial en materia de contratación requirindo a remisión do expediente e dun informe no prazo de dous días hábiles e explicando que podería o xurado proceder á terceira rolda segundo o previsto pero deixando pendente a apertura dos sobres B de tal xeito que siga manténdose o anonimato dos propoñentes, para evitar poñer en perigo todo o proceso de prosperar o recurso interposto, de tal xeito que puidera retrotraerse sen perigar o traballo xa realizado, e no caso contrario, unicamente convocar ao xurado para a apertura dos referidos sobres e elevación de proposta ao órgano de contratación.

D^a. Rosa Gallego Neira manifesta que non se adianta nada con votar hoxe se en todo caso é necesario ter que volver a reunirse.

O sr. Presidente da lectura ao recurso presentado, e insiste en que de non prosperar o recurso o feito de xuntar ao xurado non requiriría a presenza de todos, quizá cos membros do concello sería suficiente para abrir os sobres e coñecer aos autores de cada proposta gañadora.

D^a. Rosa Gallego Neira solicita que se remitan ao Tacgal as actas das reunións do xurado porque os técnicos eran quen menos estaban de acordo coa exclusión. Insiste en que votar hoxe, se finalmente os declarados gañadores non o son porque hai que volver a votar podendo ser outros os gañadores, xera unhas expectativas innecesarias.

D^a. Isabel Aguirre de Urcola manifesta que se despois hai que admitir máis propostas habería que empezar de cero e votar hoxe xeraría un lío.

O sr. Presidente manifesta que as veces nos procedementos administrativos hai que retrotraer, entra dentro do normal, mais o importante é non facer nada que impida volver a valorar, como sucedería se desvelan os nomes dos gañadores.

D. Juan Carlos Barreiro González manifesta que se debería votar e tomar a decisión xa que este xurado xa debateu extensamente nas outras reunións sobre o tema e tomou un acordo.

D^a. Pilar López-Riobóo Ansorena pregunta que si no caso de que o Tacgal dera a razón á reclamante habería que volver a iniciar por se alguén non se presentou por este motivo, ao que o sr. Presidente resposta que pareceríalle demasiado ao seu entender, e D. Xiao Varela Gómez que é un requisito das bases e non foron recorridas.

D. Enrique Peña González, expón que aínda que non puido asistir ás reunións anteriores leu as actas e coincide con outros dos membros do xurado en que foi unha mágoa ter tantas



propostas excluídas, mais neste caso concreto do recurso, sen ser xurista, sorpréndelle que non se pida nada concreto.

D^a. Rosa Gallego Neira di que bota de menos a presenza no xurado da directora da Asesoría xurídica municipal porque este tema é máis xurídico que técnico, e pon de exemplo que, na última mesa de contratación á que asistiu suspendeuse por terse presentado un recurso especial.

O sr. Presidente resposta que precisamente por precaución propuxo non abrir os sobres que rompan o anonimato das propostas.

D^a. Rosa Gallego Neira insiste en que pode filtrarse á prensa ao que o sr. presidente resposta que tamén se sabería que hai un recurso, insistindo a sra. Gallego Neira en que se crean expectativas a cinco persoas de gañar 25000 euros por non reunirmos outro día.

O sr. presidente explica que a el tanto lle ten porque ven todos os días pero é unha faena para quen está a dar moito do seu tempo e máis para quen ven desde Madrid.

D^a. Isabel Aguirre de Urcola pregunta se se fará público o que se vote hoxe, ao que o sr. presidente responde que só se alguén rompe o segredo das deliberacións.

D^a. Avia Veira González sinala que aténdose ás bases a decisión non se toma ata a adjudicación pola Xunta de Goberno Local, puntualizando D. Álvaro Mora Paulete que sería unha decisión condicionada ao que resulte do Tacgal.

O sr. presidente somete a votación se proceder hoxe á votación en terceira rolda deixando en suspenso a apertura dos sobres B ata coñecer se o recurso é ou non admitido polo Tacgal, ou no seu defecto suspender a reunión e agardar á votación ata coñecer o parecer do Tacgal en relación co recurso especial interposto, resultando que co **voto a favor** de D. Xulio X. Ferreiro Baamonde, D^a. Pilar López-Riobóo Ansorena, D. Enrique Peña González, D. Juan Carlos Barreiro González, D. Cristóbal Crespo González, D. Roberto Costas Pérez, D^a Lorena Solana Barjacoba, D^a Carlota Pita Pita, D. Xiao Varela Gómez, D^a. Avia Veira González, D^a. Isabel Aguirre de Urcola, D. Fernando Agrasar Quiroga, D. Manuel Casteleiro Maldonado, D. Jorge Cao Abad, D. Fernando Santiago Martínez López, D. Alberto Vázquez Aguilar, D. Óscar Luís Peña Sánchez, D^a. Beatriz Moar Ulloa e D. Carlos Nardiz Ortiz, **(19)** e a abstención de D. Juan Novoa Gómez, D^a. Rosa María Gallego Neira, D. José Manuel Dapena Varela e D. Álvaro Mora Paulete (4) **o xurado decide proceder hoxe á votación en terceira rolda deixando en suspenso a apertura dos sobres B ata coñecer se o recurso é ou non admitido polo Tacgal.**

3º.- Solicitudes de publicación dos nomes dos vogais do xurado e a súa titulación aos efectos

O secretario do xurado explica que durante as últimas datas tamén se recibiron varios correos electrónicos dos participantes solicitando a publicación da lista de admitidas e



excluídas, o que se fixo o pasado mércores día 5 de decembro no perfil do contratante que é o medio legal de publicación, e solicitan tamén a publicación do nome dos membros do xurado e as súas titulacións aos efectos de comprobar o cumprimento do artigo 187.3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, comprobación que se realizou na sesión constitutiva.

En relación coa petición o secretario solicita autorización do xurado para proceder á publicación no perfil do contratante en aras da transparencia do proceso, sendo autorizado por unanimidade dos membros presentes do xurado.

4º.- Valoración de propostas. 3ª rolda

O sr. presidente comeza facendo un breve resumo das achegas realizadas polos membros do comité asesor das que se deu traslado a todos os membros do xurado esta mañá.

D. Alvaro Mora Paulete lembra que na última reunión quedou pendente decidir se a votación ía a ser ou non anónima, xa que para el é importante destacar a finalidade do concurso e non quen vota a quen, do que D. Cristóbal Crespo González discrepa manifestando que opina o contrario xa que el representa a un colectivo e está disposto a defender a súa votación, preguntando tamén se van a outorgar 5 premios.

D. Xiao Varela Gómez resposta que as bases contemplan que se votarán con 5, 4, 3, 2, e 1 puntos polo que se algunha proposta recibe cando menos un punto é merecedora do premio, xerándose neste momento unha pequena discusión sobre a obrigatoriedade ou non de votar 5 propostas, a posibilidade de absterse ou a conveniencia de outorgar 5 premios á vista das propostas finalistas.

O sr. presidente procede á lectura da base 10ª.2 das bases que rexen o concurso concluíndo que ao seu parecer ninguén está obrigado a outorgar puntuación a 5 propostas e se só reciben puntuación 3 propostas só se entregarán 3 premios.

D. Cristóbal Crespo González expón que pode haber unha proposta que reciba 100 puntos, outra 80 e unha terceira que reciba 11, e os tres premios son iguais, de xeito que a este terceiro sálle o premio moi barato porque hai moitísima diferenza entre a mellor e a mellor das peores que van levar premio, polo que invita ao xurado a facer un exercicio de responsabilidade.

D. Xiao Varela Gómez explica que a finalidade deste concurso é o debate e dispoñer dun banco de ideas e o número de votos que reciba cada proposta tamén figurará na acta.

D. Álvaro Mora Paulete insiste en que a votación sexa secreta porque o importante son as propostas non quen vota cada idea, e a resolución final ten que ser a que recolla 5 propostas gañadoras con independencia das persoas, xa que teñen que reafirmarse como xurado, como órgano único e consolidado xa que esa é a filosofía do concurso.



D. Roberto Costas Pérez, sinala que non veu a última reunión e descoñece ata que punto se debateu sobre as propostas, pero entende que o fallo do concurso non debe ser a suma sen máis de votos, senón o debate, que iso sería o máis xusto.

D. Álvaro Mora Paulete insiste en que non é o voto dunha persoa senón o resultado do voto colectivo ao que o sr. Costas Pérez resposta que a el non lle importa tanto quen vota a quen senón a valoración das propostas.

O sr. presidente intervén para sinalar que a valoración das propostas ten que ir como informe coa proposta ao órgano de contratación como dín as bases, ao que o sr. Costas Pérez propón que se faga antes de votar.

D. Cristóbal Crespo González manifesta que o sr. alcalde leu parte das achegas do comité asesor e resultan moi sensatas e é útil saber que opinan uns e outros, incidindo en que el é arquitecto e polo tanto a súa opinión é parcial pero as dos demais nos enriquecen.

D. Fernando Agrasar Quiroga expón que unha cousa é o debate e outra a proxección dos votos na acta, e cada un está aquí por un motivo e, aínda que el non consultou a ninguén na E.T.S. de Arquitectura e votará segundo o seu criterio o fará como representante da E.T.S. de Arquitectura, manifestacións ante as que D^a. Isabel Aguirre de Urcola, D. Enrique Peña González e D. Manuel Casteleiro Maldonado amosan o seu total acordo.

O sr. Alcalde conclúe que ten que haber deliberación e que probablemente é máis útil antes procedendo logo á votación anónima se o xurado entende que é mellor, convindo os membros do xurado presentes, coa abstención de D^a. Rosa Gallego Neira, que a votación sexa de forma simultánea tal e como recollen as bases pero de carácter anónimo polo que nas plantillas de votación non se cubrirá o nome do membro do xurado.

A continuación da comezo a unha rolda de intervencións de todos os membros do xurado.

D. Fernando Agrasar Quiroga manifesta que a lectura das achegas do comité asesor foi moi reveladora e coincide coas conclusións de Casabella de que eses dous traballos, “Porsuporto” e “NósFíos”, hai unha calidade a distancia do resto, aínda que nos outros hai cousas de interese. Refírese tamén o sr. Agrasar Quiroga á dicotomía de si vivendas si ou non ou da participación do capital privado, é importante que haxa algo de vivenda para que haxa control social porque as zonas deshabitadas xeran problemas.

D^a. Rosa Gallego Neira expón que non entra a valorar as propostas e que todas as súas intervencións tiñan como finalidade a seguridade xurídica. Lamenta que a acta do comité asesor chegara tan tarde porque son importantes as conclusións, como a oposición da Lonxa a cambiar de ubicación, e obsérvase que son moi contrapostas e que técnicos e sociedade valoran ás veces de modo distinto, pero non foi quen de casar as valoracións cos proxectos aínda que é claro que en xeral falta a valoración económica, reiterando que gustaríalle que a acta tivera chegado antes.



O sr. presidente explica que a reunión do comité foi o mércores 5 de decembro e que o día 6 foi festivo, concedendo aos membros do comité ata onte para remitir por escrito as súas achegas se o consideraban pero a última chegou hoxe mesmo, aínda que xa recoñeceu ao principio que se mandara tarde pero que este foi o motivo.

D^a Carlota Pita Pita explica que por motivos profesionais participa en moitas mesas de contratación, e quizá desde esa perspectiva, por deformación profesional, ao seu xuízo, faltaría ponderar que ten máis interese para este concurso pois para ela ten diferente importancia a participación que a integración urbana. Continúa destacando que algunhas propostas carecen dalgunha perspectiva como a participación ou tamén de modelo económico, ata as mellores propostas, polo que poden gustar máis os usos propostos por uns ou outros pero que non están claras as sinerxias coa cidade.

En relación coa proposta “SOU” sorprendeulle na primeira reunión que pasase pero que é consecuencia de que estase a sufrir unha situación particular e toca aplicar o prego.

En relación coa proposta “Puerto Metropolitano” entende que é unha proposta exclusivamente de mobilidade, pero que o feito de premiar unha proposta máis desenvolvida en un aspecto non lle parece mal de cara a integrala con outras máis completas e isto encaixaría coa ponderación dos criterios, pero entende que sería preciso explicalo porque pode non ser entendido.

D. Jorge Cao Abad manifesta que centrou a súa análise en comprobar como resolvían os problemas da cidade coa mobilidade e outros que xurdirán coa integración de porto e cidade.

Refírese o sr. Cao Abad ás propostas de novas infraestruturas de “NósFíos” como o soterramento do tráfico desde San Antón ata o paseo marítimo, pasando por avenida do Porto, a Rosaleda a Juana de Vega, afirmando que pode provocar problemas importantes de mobilidade da cidade porque xa hoxe produce problemas, polo que esa solución habería que balanceala ben, porque aínda que ten imaxes suxestivas habería que pensar as consecuencias. Alude tamén o sr. Cao Abad á que o trezado do viaduto de Alfonso Molina con Primo de Rivera é un problema de mobilidade importante e evitouse nalgunhas propostas.

Explica tamén que lle agradaron as propostas que aproveitan o existente porque a sostibilidade é algo máis que plantar árbores, como por exemplo “Growing together”, mentres que a proposta dunha glorieta elíptica ao pé de Alfonso Molina é desastrosa para a mobilidade.

En relación con “Porsuporto” sinala que é atractiva, sensata e fasificada pero que en relación coa mobilidade a Estación Término non lle parece unha ubicación correcta para unha estación de cercanías, ofrécelle moitas dúbidas, do mesmo xeito que unha intermodal complementaria en San Diego porque en pouco tempo estará a Intermodal en San Cristobo e aínda que quizá non é unha ubicación moi popular é unha ubicación que aporta equilibrio



á cidade. En relación a “Porsuposto” conclúe dicindo que as actuacións sinxelas que propón ogallá as tiveran xa hoxe porque son intelixentes.

Remata a súa intervención o sr. Cao lamentando que as propostas case non se meteron coas solucións ao transporte público agás as que propoñían o bus pola zona axardinada o que non lle parece que teña moito sentido.

D. Alberto Manuel Vázquez Aguilar coincide en que existe unha diferenza substancial entre “NósFíos” e “Porsuporto” e as demais, pois elaboran unhas propostas de forma acertada e incorporan ao seu deseño os usos, mentres que as outras propostas teñen unhas perspectivas parciais.

D^a. Beatriz Moar Ulloa explica que coincide un pouco coa maioría das opinións expostas en que esas dúas propostas tratan o ámbito con maior profundidade de análise. Admite que lle custou moitísimo unha gradación na parte baixa da táboa pero que na última reunión Cristóbal Crespo deulle unha pista, que para facer estas propostas había que crerllo e así viu que algunhas teñen solucións parciais que poderían funcionar. Tamén aludiu a que alguén dixo noutra reunión que non compartía ao cento por cento ningunha proposta, o que ela tamén comparte. Remata dicindo que son poucas propostas e que ademais non todas entraron coa profundidade necesaria.

D. Juan Carlos Barreiro González manifesta que coincide con moito do manifestado por Fernando Agrasar, Carlota Pita e Beatriz Moar xa que todas as propostas teñen as súas particularidades. Explica que el representa á Consellería de Mar neste xurado e coincide desde ese punto de vista na súa valoración co que opina o sector. Sinala tamén que lle resulta complicado diferenciar a súa valoración persoal do que debe defender como representante da Consellería do Mar. Continúa dicindo que ten revisado en profundidade as propostas e que advirte que algunhas son limitadas en algún aspecto pero que tampouco sabe como debe ponderar a participación cidadá. Manifesta que tamén está de acordo coa visión da vivenda expresada por Fernando Agrasar. En canto aos intereses que lle corresponde defender sempre falan da pesca pero hay outras actividades e usos e non os ve dentro das propostas. Remata expresando que a parte empresarial/sectorial a ve un pouco frouxa e insiste en que a ponderación a fará desde o punto de vista da entidade que representa.

D. Álvaro Mora Paulete expón que non se tivo en conta a realidade portuaria e aquí cada un debe defender o seu sector, polo que, como xa dixo o día anterior, o peirao do Centenario non é obxecto de desafectación e está en case todas as propostas. Critica tamén que os aspectos económico financeiros non se tiveron en conta, motivos polos que adiante que o seu voto será en branco a todas as propostas porque a viabilidade para el é prioritaria e a viabilidade financeira e a dispoñibilidade de recursos non se tiveron en conta polos participantes.

D. Roberto Costas Pérez expresa que coincide en que hai dúas propostas destacadas porque son as únicas que fan o enfoque bo da problemática e analizan en profundidade, aínda que



tamén ve carencias no aspecto da viabilidade e mobilidade, pero que non valora iso senón a estrutura global, e ademais entende en canto ao aspecto económico que estas dúas propostas son flexibles para que encaixen economicamente. Explica que estas dúas propostas analizan o porto e as súas relacións interiores e exteriores e, non sendo perfectas plantexan unha estrutura global válida, mentres que o resto de propostas non teñen esa solidez, son máis unha suma de aspectos ou visións particulares pero non incorporan un enfoque global, esa estrutura.

D. Cristóbal Crespo González explica que para facer a valoración fíxose unha hipótese que é, que pasa a 50 anos?, e así, os que teñen nacido coma el nos anos 60 tiñan a certeza de que si chegaban ao 2018 irían en coche voador, e non foi así, pero aínda así hai cousas que lle teñen fascinado como os patinetes e bicicletas eléctricas, e seguramente en breve se asistirá á prohibición dos vehículos diésel ou a que Amazon traia os paquetes en dron. Continúa o sr. Crespo González dicindo que pensa que foi Keynes quen afirmou que os economistas servían para prestixiar o traballo das pitonisas. Refírese tamén o sr. Crespo a que a gran nova imaxe da Coruña é a dos cruceiros e conforman a nova fachada da cidade, e aínda que non se poda dicir, o cambio climático vennos “de coña”.

Continúa afirmando que foi desde esa situación mental que non conxela a imaxe da cidade desde a perspectiva que fixo a análise, e desde aí para el só hai dúas propostas, en canto a proxección de futuro, sen entrar á literalidade, porque desde a literalidade ningunha vale. En relación ás outras propostas pensa que son moito máis superficiais.

D^a. Pilar López-Riobóo Ansorena explica que ela non é arquitecta nin enxeñeira e polo tanto ela ve nas propostas a cidade que vai a vivir, a que lle gustaría que fora a súa cidade, e polo tanto valora aquelas propostas que non incrementan a densidade edificatoria e que liberan espazos para o goce dos cidadáns, polo que se cinguirá a catro propostas.

D. Enrique Peña González expón que fai a análise desde o papel do Reitor a quen representa neste xurado e desde aí pensa que hai dúas mellores cas outras. “NósFíos” refírese a un centro de investigación na páxina 17 que non volve a mencionar e a súa proposta de enerxías mariñas son inviables.

Continúa explicando que na súa opinión persoal hai dúas linguaxes diferentes, a da enxeñaría civil e a da arquitectura, e para el e máis doado ler enxeñaría e máis difícil ler arquitectura.

O sr. Peña González continúa dicindo que o modelo económico falta en bastantes propostas e sobre todo nas de enxeñaría, así como a perspectiva portuaria. Refírese tamén a que o aspecto da participación, segundo a ponderación que se lle dera, cambiaría radicalmente a puntuación das propostas. Remata dicindo que a parte de mobilidade de enxeñaría dunha das propostas gústalle moito pero ten moitas carencias en todo o demais.

D. Manuel Casteleiro Maldonado, expón que como xa dixo na anterior reunión son ideas e non proxectos, e como tales as valora, e fíxase en cousas un pouco distintas aos arquitectos.



Continúa dicindo que coincide en case todo con Carlota, brillante ex-alumna súa. A continuación destaca os seguintes aspectos:

- Mobilidade: pola estrutura da cidade non se pode pensar no porto sen ter en conta a mobilidade.
- Espazos recuperados: neste aspecto algunhas das propostas son puerís.
- Cronograma: falta en moitos proxectos.
- Enerxía e sostibilidade: tamén falta en moitos proxectos.
- Integración urbana: pensa que é un aspecto fundamental a valorar.
- Modelo económico: canto custan as propostas? Como se gradúan no tempo?

Remata dicindo que bota en falta que se mirase que se ten feito antes noutros sitios, sen necesidade de irse moi lonxe porque en España se fixeron frontes portuarios estupendos.

D. Carlos Nardiz Ortiz explica que como xa dixo na reunión anterior o concurso é un proceso que debe perseguir tres obxectivos:

- 1) Modificar o convenio de 2004
- 2) Ser un instrumento de diálogo entre administracións públicas
- 3) Participación cidadá

a persecución deses tres obxectivos debe ser a perspectiva da valoración das propostas, polo que cando unha proposta só descansa nunha linguaxe ten deficiencias.

A continuación o sr. Nardiz Ortiz refírese a que este é un proceso con escenarios inéditos e na medida en que recolle escenarios de décadas hai que facer esa valoración, xa que a imaxe final é descoñecida pero desde o coñecemento de hoxe si podemos imaxinar esa imaxe final. Destaca o papel importante do Porto coma interlocutor, xa que ten necesidades, como por exemplo que quere conservar o peirao do Centenario que ten un carácter de centralidade para as propostas.

En relación á mobilidade explica que desde todos os puntos de vista está condicionada por un bordo que é o cerramento do Porto, con aspectos patrimoniais que xa teñen condicionado as actuacións, mais é unha oportunidade para unha cidade dependente da mobilidade privada.

No relativo á imaxe da cidade, entende o sr. Nardiz Ortiz que esta cambia coa escala dos barcos pero que as propostas deben responder a unha imaxe de calidade urbana que é un problema importante para a cidade, e esta actuación pode ser moi importante para a cidade nese aspecto porque hoxe as cidades compiten en termos de calidade urbana.

En relación co financiamento di que non pode ser unha decisión municipal, nin portuaria, que non pode ser levado a cabo desde unha administración pública, polo que o modelo económico é importante, por iso, é esencial que se saiba diminuír os conflitos e xestionar este concurso coma unha oportunidade.



Remata o sr. Nardiz Ortiz que os custes son esenciais, os de urbanización e como gañar plusvalías para financiar estas operacións.

D^a. Avia Veira González explica que aínda que non é técnica ten idea do que pode ser o porto para a cidade e participa como membro da Corporación e como tal fará a valoración.

Destaca que a mobilidade é un tema maior e que todas as cidades están na procura dun cambio de modelo, e no caso da Coruña, como península e centro dunha área metropolitana, os efectos do uso do vehículo privado son maiores, polo que se non se gañan eses terreos ao porto ve un gran problema de mobilidade na cidade, e é importante mellorar para atraer xente e empresas.

Refírese tamén a en que é certo que hai ideas que se centran moito na mobilidade pero non é un tema menor.

En relación ao cambio climático e da potencial subida do nivel do mar, debe terse en conta nas propostas e é un erro destacado en moitas das ideas.

No que se refire ao sistema produtivo, di que o porto, os seus espazos, poden solucionar moitos problemas da cidade, non só de mobilidade, senón tamén o modelo económico, como sector produtivo que é, e neste aspecto as propostas están pouco traballadas e era unha oportunidade.

En canto ao financiamento a sra. Veira González sinala que é un aspecto importante para que as propostas teñan credibilidade, mais na súa experiencia, cando hai vontade política os cartos aparecen, non obstante, deberon incluír estudo económico en moitas das propostas, polo que collería cousas de distintos traballos como xa dixo, pois hai moi boas ideas pero non só en dúas.

Remata a súa intervención referíndose á vivenda e a que ninguén quere que o espazo portuario sexa un páramo, e que polo tanto necesita actividade diaria pero non necesariamente residencial, xa que poden ser outros equipamentos públicos, porque a vivenda non é un problema importante da cidade.

Sendo as 19:33 horas D. Álvaro Mora Paulete anuncia que ten que ausentarse da reunión ao ter o seu voo de regreso a Madrid ás 20.30 horas, deixando ao sr. Presidente a súa folla de votación para o recuento.

D. Juan Novoa Gómez, explica que fará a súa valoración partindo das premisas do obxecto do concurso expresadas nas bases e que se queda conque este é un concurso de ideas e que todos expresaron a súa opinión, o que lles enriqueceu.

D. Oscar Luís Peña Sánchez di que xa neste momento se ten falado extensamente das propostas e das súas fortalezas e debilidades mais quere engadir que o estudo económico el non o botou tan en falta porque cando hai vontade pódese xestionar o solo público dando



usos públicos pero tamén rendibilizándoo con concesións ou cesións de uso que permite o ordenamento xurídico e sen perder a titularidade pública, polo que haberá que facer o posible por levar adiante as ideas propostas xa que pensa que a operación podería estar garantida.

Destaca que moitas propostas son coincidentes en determinados temas o que converte o tema en interesante polo nivel de consenso que pode significar.

Continúa sinalando que agora trátase de conseguir ideas que se concretarán en proxectos futuros globais ou parciais.

Tamén amósase absolutamente de acordo co sr. Nardiz Ortiz en que o desenvolvemento urbanístico dos últimos anos foi pouco coidadoso coa imaxe urbana.

Remata o sr. Peña Sánchez indicando que o horizonte ten que ser a procura dun transporte alternativo, a peonalización do centro da cidade con acceso único para transporte público e residentes como é a tendencia das cidades europeas, sendo moi importante compatibilizar os estudos de mobilidade cos estudos de deseño urbano, e para elo é necesario aproveitar os espazos portuarios para os resolver problemas de mobilidade actuais.

D. Fernando Santiago Martínez López, explica que tamén recibiu clase dos profesores Nardiz e Casteleiro coma Lorena e Carlota e quizá por elo opina de forma similar. Refírese a que o estudo económico é importante e tamén comprobar si algo que se propón, hoxe funcionaría, poñendo como exemplo ese enorme túnel, do que dubida que poda executarse e de facelo sería insostible e tería filtracións de auga en pouco tempo e sería de mantemento moi custoso, polo que para el ese túnel non é un tema menor. Polo contrario, manifesta que gústanlle esas pasarelas que conectan barrios.

D^a. Lorena Solana Barjacoba di que xa se teñen posto moitas ideas sobre a mesa. Insiste en que coma xa dixo na anterior reunión, é un ámbito de intervención moi amplo, polo que de varias propostas collería algunha cousa, aínda que algunha se cae porque é moi feble. Entende que habería que ser ambiciosos e escoller propostas que nos leven a cal sería a cidade desexada no futuro procurando o equilibrio entre o ocio e os sectores produtivos, para o que é importante o modelo económico e procurar o equilibrio no financiamento que evite unha carga económica maior para as administracións públicas. Remata expresando que é unha gran oportunidade para a cidade eses espazos portuarios que permitan mellorar a mobilidade.

D. José Manuel Dapena Varela manifesta que esta é unha oportunidade única para volver a reformular a cidade. Explica que desde o grupo municipal socialista se plantexaban este concurso como de proxectos rompedores, como conxunto de ideas que combinadas puideran ser executadas, polo que lamentan a exclusión de tantas propostas. Explica que son varios os aspectos que preocupaban ao grupo municipal socialista: os cambios de usos motivados polos traslados ao porto exterior, o mantemento do uso portuario como motor económico da cidade e a mobilidade, combinados co aspecto económico financeiro, porque



son ideas que hai que xestionar, aínda que quizá corresponda a unha fase posterior, polo que agora deberían falar de ideas que sexan rompedoras e ambiciosas.

Remata o sr. Dapena Varela afirmando que son dúas as ideas que destacan pero non ao cento por cento, mentres que doutras son aproveitables algúns aspectos específicos, e sobre esta premisa votará.

D^a. Isabel Aguirre de Urcola expón que hai catro factores básicos: económico, social, funcional e formal, e todos deberían estar dentro da sostibilidade, porque o cambio climático está aí. Engade que aínda que non sabemos o que pasará dentro de 50 anos, si sabemos de proxectos anteriores feitos hai 50 anos e que foron positivos. Explica que preocúpalle que as propostas sigan pensando no automóbil e iso non pode estar nunha mentalidade do século XXI, e esa é unha aposta que deberían facer. Refírese tamén ás galerías da Mariña como imaxe da cidade, para o que deberían conseguir un novo fronte que dialogue coa Mariña porque sería unha perda importantísima para a cidade. Remata sinalando que xa que se construíu Punta Langosteira deberían vincularse a lonxa e porto pesqueiro e agrupalos, porque se están a soñar deberían pensar en que a cidade chegue de de verdade ao mar cun ambiente sostible e con calidade de vida e prescindindo de elementos contaminantes.

D. Xiao Varela Gómez explica que será o encargado de dar continuidade a este proceso polas súas responsabilidades polo que anuncia a súa abstención porque entende que o coherente e manter unha equidistancia e equanimidade coas propostas. Agradece a todas e todos que lles axudaran a enriquecer este debate porque só con este banco de ideas tan heteroxéneas cumpriuse o obxectivo do concurso. Remata dicindo que se nestes tres anos chegou á conclusión e que a cidade é un ente complexo, e debe selo para protexer a súa diversidade e favorecer a cohesión social, e espazos coma este, onde están representadas distintas sensibilidades e institucións, son moi enriquecedores, polo que agradece a participación dun xeito tan construtivo.

O sr. presidente agradece a todas e todos os membros do xurado a súa participación e afirma que sabían que ía ser complexo un xurado tan amplo pero isto só se podía facer coa participación de moitas voces. Anuncia tamén que salvo que lle toque desfacer un empate tamén debería absterse.

Expón o sr. presidente que cando se abriron as propostas, aínda que destacaron algunhas, hai moitas similitudes, hai liñas que comparten moitas, hai unha aposta pola mobilidade branda, por gañar espazo público, polos usos mixtos, e mesmo un peirao de contedores no medio do camiño para acudir a un concerto á “medusa”. Sinala que é importante o proceso porque hai elementos que van estar si ou si e cubriranse déficits de equipamentos. Destaca tamén que a aposta produtiva non foi moi desenvolvida nas propostas pero hai unha aposta porque o porto deba ser porto, pulmón económico da cidade, pero modificando a súa relación.



Refírese tamén o sr. presidente á proposta “Porsuporto” da que destaca como fortaleza que comece con cousas pequenas, tirando o muro e utilizando edificios existentes, alongando as accións ata o 2050.

O sr. presidente fai tamén mención á gobernanza do ámbito, incidindo en que isto non vai saír adiante senón é un proxecto compartido na cidade, porque se só é a aposta dun goberno non sairá, porque require consenso e debate posterior que se xerará.

D^a. Rosa Gallego Neira pregunta se se outorgarán 5 premios se hai 5 propostas puntuadas?

O sr. presidente resposta que si, que lendo as bases se algunha proposta recibe cando menos un punto e non hai outras cinco con máis puntuación, será premiada, mais cada membro do xurado poderá votar en decrecente as que consideren.

D^a. Rosa Gallego Neira manifesta que vaise a abster, porque despois de toda a rolda hai claramente dúas propostas destacadas e tamén dedúcese o mesmo do comité asesor, pero non lle parece xusto que reciba o mesmo premio as dúas propostas que destacan que outros con moitos menos puntos.

D. Enrique Peña González di que gustaríalle puntualizar ao sinalado que el, como outros membros do xurado, considera que non hai dúas que destacan, salvo algunhas máis pobres.

Realizada a votación anónima e tralo reconto resulta o seguinte:

Nº ORDE	LEMA	PUNTUACIÓN
1	“Ciudad Puerto”	20
2	“Porto Metropolitano”.	27
3	“Growing Together”	42
4	“Nosfíos”	50
5	“Porsuporto”	67
6	“1208/2018”	-----
7	“Barrio 12”	1
8	“Sou”	12

Polos motivos expresados ao inicio, non se procede á apertura dos sobres B que conteñen a identificación dos/as responsables das propostas, para o que será novamente convocado o xurado unha vez coñecido se o Tacgal admite ou inadmite o recurso especial en materia de contratación interposto.

O secretario do xurado manifesta que da presente reunión se levantará acta segundo o artigo 18 da Lei40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, da que se dará traslado aos membros do xurado, indicando que unha vez elaborada será remitida por correo electrónico a todos os membros, quenes poderán polo mesmo medio amosar a súa conformidade ou obxeccións ao texto a efectos da súa aprobación, *“considerándose, en caso*



afirmativo, aprobada na mesma reunión”, en caso contrario se someterá a votación coas obxeccións formuladas na seguinte reunión.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dezaseis minutos, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia como secretario do xurado, co visto e prace do Presidente do xurado, segundo o previsto no artigo 18.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público que asinamos electronicamente na Coruña, na data de sinatura que consta no documento electrónico, entendéndose aprobada a presente acta nesta reunión ao non ter recibido mostras de conformidade nin reparo desde a remisión do borrador da acta aos membros do xurado ata a celebración da seguinte reunión celebrada o 27 de decembro de 2018.